



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CLUBE PRAIA DE PANTÍN, PARA A DIFUSIÓN NO GALICIA CLASSIC SURF PRO DAS CAMPAÑAS INSTITUCIONAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO.**

### **MEMORIA EXPLICATIVA**

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral.

A lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero sinala que se porán en marcha campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas e que incidan no rexeitamento social de todas as formas de violencia de xénero. Estas campañas terán especial divulgación en diversos ámbitos, entre eles os deportivos.





O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017. Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores. De xeito máis concreto, o eixo 1 do Pacto, recolle medidas dirixidas a posibilitar a ruptura do silencio mediante o fomento de accións de sensibilización da sociedade e da prevención da violencia de xénero desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres.

Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

A entidade Clube Praia de Pantín organiza e desenvolve a Galicia Classic Surf Pro, un campionato mundial considerado como un dos principais eventos internacionais deportivos de Surf, que conta cun público moi numeroso, maiormente xente moza, e que na edición de 2021 vai seguir contando na súa organización cun espazo específico para proporcionar información e difundir campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero e as agresións sexuais, o que o converte nun evento de valor único para chegar con esa tarefa de difusión a un público moi numeroso.

É por iso que a Consellería de Emprego e Igualdade, estima conveniente asinar un convenio de colaboración co Clube Praia de Pantín co obxecto de apoiar o labor de información e difusión que no ámbito da prevención e sensibilización contra a violencia de xénero que vai desenvolver este Clube no marco da Galicia Classic Surf Pro, que incluírá entre as accións de información e difusión a desenvolver, as campañas que ao respecto desenvolve a Xunta de Galicia, logrando así facelas chegar a un público xove moi numeroso e dando cumprimento a algunha das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en concreto as que se refiren ao desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, que terán como destinatarios principais as nenas e os nenos, adolescentes e mocidade, para que





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade

galicia

interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes, así como as medidas de sensibilización recollidas no artigo 6 da Lei galega.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

